

A finais da Idade Moderna, as características dos tres estamentos tradicionais son:

• Nobreza

Constitúe un grupo moi minoritario dentro da sociedade, aínda que posúe a maior parte das terras. Vive fundamentalmente das rendas que obtén do arrendamento das súas terras aos campesiños. Dentro deste grupo, en función do nivel económico, pódense distinguir: a **alta nobreza** (grandes propietarios, como condes, marqueses etc.) e a **baixa nobreza** (sen apenas maior posesión que o seu título, como os cabaleiros, fidalgos etc.). Así mesmo, dentro da nobreza tamén se pode distinguir a **vella aristocracia**, cuxos títulos se remontan á Idade Media, e unha **nova nobreza**, designada polos reis como premio aos servizos prestados ao Estado, sobre todo na Administración e no exército.

• Clero

Do mesmo xeito que a nobreza, posúe privilexios e numerosas terras das que recada impostos como o **décimo**. Pódense distinguir un **alto clero**, formado por bispos, abades etc., que proceden xeralmente da nobreza e viven con grandes luxos, e un **baixo clero**, composto por sacerdotes, monxes e monxas, habitualmente procedentes do terceiro estado, que adoitaba vivir en condicións semellantes ás dos campesiños.

• Terceiro estado

Engloba o 90 por cento da poboación e dentro del diferéncianse varios grupos:

- **Poboación rural.** Os campesiños constituían a maior parte do terceiro estado, pero entre eles o poder económico establece distintas xerarquías. Nese sentido hai que falar dos **propietarios de terras**, xa teñan propiedades grandes ou pequenas; dos **arrendatarios**, que cultivan algunhas parcelas a cambio do pagamento dunha renda ao seu propietario (xeralmente, nobre ou clérigo); e dos **xornaleiros**, contratados para a sementeira e a colleita a cambio dun xornal.
- **Poboación urbana.** Ligados ao crecemento das cidades xorden varios grupos, tamén diferenciados polo seu poder económico. No máis alto atopábase a **burguesía mercantil e industrial**, que trataba de alcanzar un maior poder político, e que irá gañando protagonismo co tempo. Tamén se distinguen os **profesionais e funcionarios** e, por último, o **artesanado**.



ACTIVIDADES

1. Define en non máis de tres liñas a sociedade do século XVIII.
2. Resume a situación demográfica que nos atopamos no século XVIII e pon algúns exemplos.
3. Responde as seguintes preguntas:
 - a) Que grupos forman os estamentos privilexiados?
 - b) En que consisten os privilexios?
 - c) Cres que hoxe existen estamentos sociais? Explica a túa resposta.
4. Debuxa unha pirámide social que represente a sociedade do século XVIII, cos estamentos e os grupos que se diferencian dentro deles.

Lembra

O **décimo** era o imposto percibido pola Igrexa, consistente nun dez por cento da colleita.



Labrador, gravado realizado por J. da Cruz en 1778.